ALGUNHAS NOTAS REFERENTES Ó NOME GALEGO ESTÁNDAR DAS CONSTELACIÓNS

Xoaquín Evaristo Cambados Márquez

1. Introdución

O obxectivo deste artigo, máis que facer unha proposta normativa é facer un percorrido crítico polas denominacións das constelacións en obras normativas de carácter lexicográfico e enciclopédico, nomeadamente o *Diccionario da Real Academia Galega* (1997), o *Diccionario Xerais da Lingua* (19994), o *Gran Diccionario Xerais da Lingua* e a *Enciclopedia Galega Universal*.

2. As constelacións

Co fin de orientarse no ceo, hai xa moitos séculos, xurdiu na mente humana a idea de agrupa-las estrelas máis brillantes en grupos e, segundo fose a forma destas agrupacións, recibiron o nome tanto de animais reais e fabulosos (*Balea*, *Can Maior*, *Fénix*, *Osa Maior*, *Osa Menor*, etc.), coma de deuses e heroes da mitoloxía grecolatina (*Andrómeda*, *Casiopea*, *Hércules*, etc.) así como tamén de certos obxectos (*Balanza*, *Escuadra*, *Octante*, etc.). As constelacións, aínda que teñen nome latino, a súa sistemática non procede da antiga Roma posto que a ordenación actual descende directamente do sistema de constelacións da antiga Mesopotamia, sistema que por unha parte tiña finalidade astronómica (elaboración de calendarios, predición das eclipses, etc.) e por outra parte tiña finalide astrolóxica.

Con todo, o límite entre estas agrupacións de estrelas non era preciso e foi no Congreso da Unión Astronómica Internacional do ano 1922 cando se puxo orde ó sistema de constelacións: estableceuse o número de constelacións, que quedou fixado en 88, e o límite entre elas, baseado en meridianos e paralelos da esfera celeste seguindo o sistema ecuatorial de coordenadas. Deste xeito, a constelación pasou de ser unha agrupación de estrelas a unha rexión da esfera celeste que contén no seu interior un asterismo, é dicir, unha figura arbitraria que se supón debuxada no ceo.

actas_sarmiento_def_1_6 8/9/06 14:16 Página 540

Ademais á constelación déuselle un nome latino co seu correspondente xenitivo (para indicar todo aquilo que estaba nela), unha abreviatura do nome latino e, para cada idioma, a posibilidade de traducilo.

3. Os dicionarios galegos

No *Diccionario da Real Academia Galega* o nome das constelacións aparece baixo un criterio que cremos irregular posto que das 88 constelacións recoñecidas pola Unión Astronómica Internacional, no dicionario só aparecen 15 (as 12 constelacións zodiacais, unha constelación austral e dúas constelacións boreais). Os nomes que propón o *Diccionario da Real Academia Galega* para elas son: *Carneiro* (*Aries*), *Touro* (*Tauro*), *Xemelgos* (*Xémini*), *Cangrexo* (*Cáncer*), *León* (*Leo*), *Virxe* (*Virgo*), *Balanza* (*Libra*), *Escorpión*, *Saxitario*, *Capricornio*, *Acuario*, *Peixes* (*Pisces*), *Centauro*, *Osa Maior* e *Osa Menor*. Cómpre destacar que das constelacións recollidas só en 5 delas se recolle con maiúsculas ou, na entrada correspondente hai unha nota que así o aclare aínda que outras denominacións máis populares que recolle o dicionario para a *Osa Maior*, como son «*Carro Grande*» e «*Carro das estrelas*», e para a *Osa Menor*, como é «*Carro Pequeno*» aparecen recollidos con iniciais maiúsculas. Neste punto lembramos o que se di no punto 4.b) das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, referentes ó uso das maiúsculas, que se deben usar «Nos nomes propios: Lucía, Seoane, Moncho, Lugo, Vedra, Xúpiter»[1], é dicir, recoñécese a pertinencia do uso das maiúsculas nos nomes propios, regra á que non debe ser allea o nome das constelacións posto que son nomes que se refiren a entes individuais fronte ó colectivo «constelación».

Outro asunto que merece ser destacado no *Diccionario da Real Academia Galega* é que moitos dos nomes das outras constelacións nen sequera aparecen no dicionario, ben sexa como entrada, ben como parte da fraseoloxía presente no dicionario. Neste punto temos que destacar ausencias, aínda que fosen entradas que non tivesen como acepción o significado da respectiva constelación, a *Ave do Paraíso*, *Camaleón*, *Fénix*, *Andrómeda*, *Octante*, etc.

No *Diccionario Xerais da Lingua* recóllense un número maior de constelacións, posto que das 15 que presenta o *Diccionario da Real Academia Galega* pasamos a 30 (as 12 constelacións do zodíaco, 8 constelacións austrais e 10 constelacións boreais). O *Diccionario Xerais da Lingua* presenta, con respecto ó *Diccionario da Real Academia Galega*, 15 novas constelacións, das que 5 delas (*Boieiro*, *Can Maior*, *Can Menor*, *Cocheiro* e *Perseo*) nen sequera aparecen como entrada no *Diccionario da Real Academia Galega*; as outras 10 (*Aguia*, *Balea*, *Cisne*, *Corvo*, *Delfín-Golfiño*, *Dragón*, *Lira*, *Lobo*, *Tucano* e *Unicornio*) aparecen como entrada no *Diccionario da Real Academia Galega* pero non hai ningunha acepción correspondente ó significado da devandita constelación.

Con respecto a este dicionario, non se di en ningún momento que a inicial do nome das constelacións teña que aparecer en maiúscula aínda que, dentro da definición que se dá da constelación que o dicionario recolle baixo a entrada de «*Auriga*»

actas_sarmiento_def_1_6 8/9/06 14:16 Página 541

cítanse, con iniciais maiúsculas, os nomes das constelacións de «*Xémini*» e «*Perseo*». Por outra parte, o *Diccionario Xerais da Lingua* cae nun grave erro porque, por unha parte, recolle a entrada «*setestrelo*» e dáa como sinónimo da *Osa Maior* e por outra dise que a constelación do *Boieiro* é unha «**Constelación boreal constituída por sete estrelas, tamén coñecida por *setestrelo***» (p. 135). Esta pequena definición que acabamos de citar incorre en tres erros graves: o primeiro erro, de carácter semántico, xa o acabamos de ver, é dar *Setestrelo* como sinónimo de *Boieiro* cando é un dos nomes das Pléiades, un cúmulo estelar aberto pertencente á Constelación do *Touro* (tampouco é un dos nomes da *Osa Maior*); o segundo erro, de carácter ortográfico, é recoller «setestrelo» con inicial minúscula, cando no *Diccionario Xerais da Lingua* se recollen con maiúscula os nomes das constelacións que aparecen nas definicións, aínda que non se mencione explícitamente ningunha regra que o afirme. O terceiro erro, fácil de apreciar por unha persoa cuns coñecementos de astronomía moi básicos, é afirmar que unha constelación ten un número determinado de estrelas (para o caso deuse o número de sete) porque unha constelación, no sentido moderno do termo é unha rexión da esfera celeste na que se aprecian unhas poucas estrelas visibles pero millóns ou miles de millóns de estrelas que só son visibles coa axuda de instrumentos ópticos.

Con respecto á entrada «hidra», o *Diccionario Xerais da Lingua* dá, na terceira acepción, a definición «Constelación», definición que ten dous erros. O primeiro é definir «hidra» como 'Constelación', porque se aceptamos esta definición aceptamos que unha hidra é calquera constelación; o segundo erro é non reparar en que, no conxunto das constelacións hai unha constelación chamada *Hidra Macho* e outra constelación chamada *Hidra Femia*, cos respectivos nomes latinos de *Hydrus* e *Hydra*.

En canto ó *Gran Diccionario Xerais da Lingua* achámonos con que, cuantitativamente, víronse reducidas as entradas e unidades fraseolóxicas correspondentes ós nomes das constelacións con respecto ó dicionario predecesor da mesma editorial: hai dous nomes menos, é dicir, 28 nomes de constelacións. De tódolos xeitos hai catro novidades con respecto ó *Diccionario Xerais da Lingua*, que son os nomes das constelacións da *Copa*, a *Coroa Austral*, a *Coroa Boreal* e *Pegaso*, aínda que hai seis constelacións que si están no *Diccionario Xerais da Lingua* pero non no *Gran Diccionario Xerais da Lingua*, e que son o *Boieiro*, o *Cisne*, o *Corvo*, a *Lira*, *Perseo* e o *Unicornio*.

Ademais do que acabamos de ver nos dicionarios galegos empregados neste pequeno estudo podemos salientar ademais a tendencia a presenta-lo nome das constelacións (sobre todo se son as constelacións zodiacais) baixo o nome latino ou latinzado: *Libra* (*Balanza*); *Cáncer* (*Cangrexo*); *Auriga* (*Cocheiro*); *Tauro* (*Touro*); etc. Ademais, atopámonos cunha vacilación co nome latino da constelación dos *Peixes*, que, ó ser plural, correspóndese co nominativo plural latino **PISCES** (do latín PISCIS, PISCIUM) e non con **Piscis**, que sería o nominativo singular, forma esta última moi presente sobre todo en artigos referentes á astroloxía, pero tamén á astronomía. Por outra parte, en ningún dos dicionarios aparece mencionada a antiga cons-

actas_sarmiento_def_1_6 8/9/06 14:16 Página 542

telación co nome latino de *Argo Navis*, é dicir, o *Navío Argos*, o navío no que os argonautas foron á procura do vélaro de ouro. Actualmente, e desde o ano 1922, está dividida en catro constelacións: o *Compás Náutico*, a *Popa*, a *Quilla* e a *Vela*. Esta antiga constelación, que non é importante desde o punto de vista práctico posto que non forma parte do actual sistema de constelacións, si o é para nós desde o punto de vista denominativo, posto que é mencionada ás veces en traballos sobre a historia da astronomía ou en traballos de iniciación na astronomía.

4. A *Enciclopedia Galega Universal*

A *Enciclopedia Galega Universal* recolle ó lado da entrada *constelación*, un cadro onde se recollen as constelacións propostas pola Unión Astronómica Internacional dividíndoas en austrais, boreais e zodiacais. Como é un listado exhaustivo imos facer algúns comentarios sobre as denominacións presentes no cadro. A Constelación co nome latino de *Delphinus* traduciuse como *Delfín*. A este respecto temos que lembra-lo que di o mellor especialista no rexistro científico do galego, Luís Daviña Facal, que no seu libro *Lingua e Ciencia* afirma que «Sabido é que en galego se denominan *golfiños*, e tamén *golfíns*, *delfíns*, *arroaces*, *roaces*, *toniñas*, etc, os mamíferos cetáceos odontocetos (cetáceos con dentes) de tamaño mediano ou pequeno»[2] (p. 12) polo que, para o caso, tanto o nome *Delfín* como o de *Golfiño*, que son, con moito, os máis empregados nos rexistros formais da lingua galega, deben servir para identificar esta pequena constelación boreal. O mesmo podemos dicir para a constelación que a *Enciclopedia Galega Universal* denomina *Carena* ou *Quilla*. Ámbolos dous termos son perfectamente válidos en galego para denomina-la parte somerxida do casco dunha embarcación.

En canto á constelación que en latín se denomina *Scutum*, no suplemento *Descubrir* do xornal *O Correo Galego*, do 8 de abril do presente ano aclárasenos que o astrónomo polaco Johannes Hevelius, no seu catálogo estelar chamado *Prodromus astronomiae*, publicado postumamente pola súa viúva en 1690, bautizou varias constelacións e «Unha delas dedicoulla ó rei Jan Sobieski III —a chamada *Escudo de Sobieski*—». Ademais, esta denominación de *Escudo de Sobieski* non é moi corrente vela en calquera listado das constelacións, estea no idioma que estea, e si aparece a forma abreviada de *Escudo*. Polo tanto, cremos que é bo mante-la denominación orixinal de *Escudo de Sobieski* aínda que o uso tan pouco estendido que ten esta denominación fai aconsellable mante-las dúas: *Escudo* e *Escudo de Sobieski*.

Por outra banda, a *Enciclopedia Galega Universal* dá para a constelación denominada en latín *Sagitta* o nome galego de *Seta*, nome que nós cosideramos correcto pero que cremos que tamén se pode emprega-lo denominación *Frecha* para a devandita constelación.

Se a sinonimia ou, mellor aínda, a existencia de dous significantes para designa-lo nome dunha constelación non é, polo que agora vimos, ningun inconveniente á hora de confeccionar unha lista padrón de constelacións si o é, en cambio, a homonimia. Só no caso galego, entre os idiomas irmáns, nos topamos con que dúas cons-

actas_sarmiento_def_1_6 8/9/06 14:16 Página 543

telacións diferentes teñan o mesmo significante para designalas, é dicir, as dúas constelacións que a *Enciclopedia Galega Universal* denomina «Compás». Son, por unha parte a constelación que ten o nome latino en nominativo de *Circinus*, e que en portugués se chama *Compasso*, en castelán *Compás*, en catalán *Compàs* e en italiano *Compasso*, nos que podemos ver que a denominación é similar entre todos eles. Por outra parte, e seguindo o listado ofrecido pola *Enciclopedia Galega Universal*, a outra constelación denominada «*Compás*» e que en latín científico se denomina *Pyxis*, ten o nome de *Bússola* en portugués, *Brújula* en castelán, *Boussole* en francés, *Brúixola* en catalán e *Bússola* en italiano. Podemos ver que é aquí onde o nome galego proposto pola *Enciclopedia Galega Universal* se afasta máis dos idiomas irmáns e polo tanto cremos que de entre os dous «compases» deberíase mante-lo nome o obxecto destinado a debuxar arcos de circunferencia posto que mantén unha denominación parecida ós idiomas do entorno lingüístico (e para isto apelamos ó criterio da internacionalidade nas designacións científicas) mentres que o obxecto constituído por unha agulla magnetizada debería de adecua-la denominación (tampouco sería necesario un cambio) e debería ter un nome como por exemplo «*Compás Magnético*» ou «*Compás Náutico*», que sen prescindir este do tan galego nome *Compás* para o obxecto, lembra a estreita vinculación desde o principio da historia, entre a navegación e a astronomía. Lembremos, por exemplo, o nome en alemán desta constelación, que é *Schiffkompass*. Compás Magnético, por outra parte pode ser unha boa denominación posto que o devandito sintagma, identifica sen ningún xénero de dúbidas o obxecto en cuestión.

Unha denominación que presenta a *Enciclopedia Galega Universal* que consideramos non é apropiada para o contexto é a dada para a constelación chamada en latín *Equuleus*, para a que propón o nome de *Cabaliño*. Cremos que sería máis acertada a denominación *Poldro*, que tamén fai referencia á cría do cabalo e adécuase máis ó nivel da linguaxe que precisa o rexistro científico, onde o uso do diminutivo en *Cabaliño* pode facernos ver un uso afectivo.

5. Outra fonte que se debe ter en conta

Tampouco debemos deixar caer no esquecemento a denominación que tiveron algunha das constelacións noutras etapas da historia da nosa lingua. Deste xeito podemos ver como na *General Estoria*[3], se menciona o nome dado na época ás doce constelacións zodiacais:

> Et despois desto partirom aq*ue*l outauo çeo em doze partes, et fezerõ figuras deles, et aq*ue*las doze partes que fezerõ daq*ue*l çeo, poserõ acada parte seu nome segundo as feguras das estrellas que paresçiam em essas doze partes. Et diseronlles synos. Et aap*ri*meyra parte et ao p*ri*meyro signo diserõ Aries, et tanto q*ue*r dizer cõmo carneyro, et chamarõ p*ri*meyro ese signo dentrelos out*ro*s porque segundo leemos et achamos escrito foy omûdo criado em el; ao segundo signo diserõ Touro; ao

actas_sarmiento_def_1_6 8/9/06 14:16 Página 544

> terçeyro Geminos, quee tanto cõmo doblados ou embelizos, por quell*e* diserõ este nome de Castor et Polus, que forõ yrmãos, fillos del rrey Jupiter, et nasçerõ ambos de hû parto; ao q*ua*rto signo chamarõ Cangro do nome do cãgrejo do mar, et em este signo dizê que foy criada aLûa; ao q*ui*nto signo diserom Leom; ao sexto a Vyrgéé; ao septimo aLibra, quee peso ou balança; ao oytauo Escorpyom quee alacram, ao noveno sagitario que quer dizer tanto cõmo aseteador ou tirador de séétas com arco et asyo pyntam; ao dezimo Capricornyo que q*ue*r dizer tanto cõmo cabra ou cabrõ cõ cornos; ao onzeno Acario que aquer tãto dizer como agoadeyro, ou tragedor de agoas et verterõ dellas, et tal paresçe otêmpo q*ua*ndo osol passa por el; ao dozemo et postromeyro signo poserõ nome os Peyxes.

Deste xeito, vemos como a *General Estoria* nos ofrece un listado que fica como segue: *Aries*; *Touro*; *Geminos*; *Cangro*; *Leom*; *Vyrgéé*; *Libra*; *Escorpyom*; *Sagitario*; *Capricornyo*; *Acario*, escrito con «ca», talvez por ultracorrección e, finalmente, *Peyxes*.

6. Conclusións

A difícil situación terminolóxica que vive a lingua galega nas diferentes disciplinas científicas é un reflexo da anormal situación que vive o noso idioma. A astronomía non é unha excepción e, para a denominación das constelacións, os dicionarios e enciclopedias galegas incorren nalgúns erros á hora de propo-lo respectivo nome. Cremos que ó lado da Comisión de Toponimia debería haber unha Comisión Onomástica que velase pola boa saúde dos outros nomes propios e deste xeito poderíamos ter unha lista padrón oficial en galego das constelacións e, tamén dentro do campo da astronomía, para os nomes dos planetas, dos respectivos satélites (dos que hai máis de medio cento) e tamén dos asteroides e outros obxectos da nosa galaxia e extragalácticos (dos que podemos falar de milleiros de nomes). En canto ó tema que hoxe nos ocupa, propoño as seguintes denominacións en galego para as constelacións (entre parénteses van as respectivas abreviaturas) non sen antes agrader as axudas e indicacións recibidas, sobre todo de Glòria Fontova e Mercè Sallas do TERMCAT, o centro de terminoloxía da Generalitat de Catalunya.

actas_sarmiento_def_1_6 8/9/06 14:16 Página 545

CONSTELACIÓNS ZODIACAIS

Acuario (Aqr)
Balanza (Lib)
Cangrexo (Cnc)
Capricornio (Cap)
Carneiro (Ari)
Escorpión (Sco)
León (Leo)
Peixes (Psc)
Saxitario (Sgr)
Touro (Tau)
Virxe (Vir)
Xemelgos (Gem)

CONSTELACIÓNS BOREAIS

Aguia (Aql)
Andrómeda (And)
Boieiro (Boo)
Poldro (Equ)
Cabeleira de Berenice (Com)
Casiopea (Cas)
Cefeo (Cep)
Cisne (Cyg)
Cocheiro (Aur)
Coroa Boreal (CrB)
Delfín / Golfiño (Del)
Dragón (Dra)
Escudo (Sct) / Escudo de Sobieski
Hércules (Her)
Lagarto (Lac)
Lebreiros (CVn)
León Menor (LMi)
Lince (Lyn)
Lira (Lyr)
Osa Maior (UMa)
Osa Menor (UMi)
Pegaso (Peg)
Perseo (Per)
Raposa (Vul)
Serpe (Ser)
Serpentario (Oph)
Seta / Frecha (Sge)
Triángulo (Tri)
Xirafa (Cam)

CONSTELACIÓNS AUSTRAIS

Altar (Ara)
Ave do Paraíso (Aps)
Balea (Cet)
Buril (Cae)
Cabalete do Pintor (Pic)
Camaleón (Cha)
Can Maior (CMa)
Can Menor (CMi)
Carena / Quilla (Car)
Centauro (Cen)
Compás (Cir)
Compás Náutico (Pyx)
Copa (Crt)
Coroa Austral (CrA)
Corvo (Crv)
Cruz do Sur (Cru)
Peixe Dourado (Dor)
Eridano (Eri)
Escuadra (Nor)
Escultor (Scl)
Fénix (Phe)
Forno (For)
Grou (Gru)
Hidra femia (Hya)
Hidra macho (Hyi)
Indio (Ind)
Lebre (Lep)
Lobo (Lup)
Máquina pneumática (Ant)
Mesa (Men)
Microscopio (Mic)
Mosca (Mus)
Octante (Oct)
Orión (Ori)
Pavón (Pav)
Peixe Austral (PsA)
Peixe voador (Vol)
Pomba (Col)
Popa (Pup)
Reloxo (Hor)
Retículo (Ret)
Sextante (Sex)
Telescopio (Tel)
Triángulo Austral (TrA)
Tucano (Tuc)
Unicornio (Mon)
Vela (Vel)

ANTIGA CONSTELACIÓN

Navío Argos (Arg)

actas_sarmiento_def_1_6 8/9/06 14:16 Página 546

BIBLIOGRAFÍA

Bakulin, P.I. et alii (1989): *Curso de astronomía general*; Perú.

Cid Cabido, X. (ed.) (1997): *Diccionario da Real Academia Galega,* RAG-XERAIS-GALAXIA, Vigo.

Ares Vázquez, Mª C. et alii (19994): *Diccionario Xerais da Lingua*, Xerais, Vigo.

Cid Cabido, X. (ed.) (2000): *Gran Diccionario Xerais da Lingua*, Xerais, Vigo.

Cifuentes, A. (8/4/2002): «Hevelius», *Descubrir* [suplemento de divulgación de *O Correo Galego*], p. 2-3.

Daviña Facal, L. (1999): *Lingua e Ciencia*, Xerais, Vigo.

Gran Enciclopèdia Catalana, 2ª ed. Barcelona: Enciclopedia Catalana, 1986-2001.

Ledo Cabido, B. (ed.) (1999): *Enciclopedia Galega Universal*, Ir Indo, Vigo.

Martínez López, R. (1963): *General Estoria*, Oviedo, Universidad.

«Palestra Latina» (19964): *Diccionario Ilustrado latino-español, español-latino*, Biblograf, Barcelona.

RAG-ILGA (199512): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, RAG-ILGA, Vigo.

NOTAS

1. RAG-ILGA: *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, p. 36.
2. Daviña Facal, L.: *Lingua e Ciencia*, p. 12.
3. Martínez López, R., *General Estoria*, p. 96 («Terçeyro libro», capítulo XVI, folios 49 r. - 49 v.).